

Estaba eu na ermida de San Simón
e cercáronmi as ondas, que grandes son.

Eu esperando o meu amigo.

Eu asperando o meu amigo.

Estando na ermida, ant'o altar
cercáronmi as ondas grandes do mar.

Eu esperando o meu amigo.

Eu esperando o meu amigo.

E cercáronmi as ondas, que grandes son,
non tenho barqueiro, nen remador.

Eu esperando o meu amigo.

Eu esperando o meu amigo.

E cercáronmi as ondas grandes do mar,
non teño barqueiro, nin sei remar.

Eu esperando o meu amigo.

Eu esperando o meu amigo.

non teño barqueiro, nen remador,
morrerei fremosa no mar maior.

Eu esperando o meu amigo.

Eu esperando o meu amigo.

Non teño barqueiro, nen sei remar
morrerei eu fremosa no alto mar.

Eu esperando o meu amigo.

Eu esperando o meu amigo.

Subxénero de cantiga de amigo:

Podería tratarse dunha cantiga de romaría, pois a voz lírica (a namorada) fai mención á ermida de San Simón xa no primeiro verso. Estes lugares eran puntos de encontro para os namorados.

Rima:

Non sendo no refrán, no que a última palabra dos dous versos que o compoñen é grave, no resto da composición os versos (*palavras*) teñen rima macho, pois o último termo de cada un é agudo.

Refrán:

Trátase dunha cantiga de refrán, pois prodúcese a repetición literal dos seguintes versos ao final de cada estrofa (*cobra*):

Eu esperando o meu amigo.

Eu esperando o meu amigo.

Leixaprén:

Tal e como aparece indicado na composición, a cantiga ten leixaprén, pois o 2º verso da 1ª estrofa repítese no 1º da 3ª, o 2º da 2ª no 1º da 4ª, o 2º da 3ª no 1º da 5ª e o 2º da 4ª no 1º da 6ª.

Paralelismo sintáctico:

Podemos atopar paralelismo sintáctico, é dicir, repetición da estrutura sintáctica, entre os dous versos seguintes:

morrerei fremosa no mar maior (verbo + complemento predicativo + CCL)

morrerei fremosa no alto mar (verbo + complemento predicativo + CCL)

Bailemos nós ja todas tres, ai amigas,
baixo aquestas avelaneiras frolidas,
e quen for velida como nós, velidas,
se amigo amar,
baixo aquestas avelaneiras frolidas
virá bailar.

Bailemos nós ja todas tres, ai irmanas,
baixo aqeste ramo destas avelanas,
e quen for louçana como nós, louçanas,
se amigo amar,
baixo aqeste ramo destas avelanas
virá bailar.

Por Deus, ai amigas, mentres outra cousa non fazemos
baixo aqeste ramo frolido bailemos,
e quen ben parecer como nós parecemos,
se amigo amar,
baixo aqeste ramo, en canto que nós bailemos,
verrá bailar.

Subxénero de cantiga de amigo:

Trátase dunha cantiga bailada, xa que con toda claridade a voz lírica (a namorada) estalle facendo un convite explícito para a danza ás súas amigas e irmás.

Rima:

Non sendo no refrán, no que a última palabra dos dous versos que o compoñen é aguda e polo tanto hai rima macho, no resto da composición os versos teñen rima femia, pois o último termo de cada un é grave.

Refrán

Trátase dunha cantiga de refrán, pois prodúcese a repetición literal dos seguintes versos ao final de cada estrofa:

se amigo amar,

verrá bailar.

Leixaprén:

Nesta composición non temos leixaprén.

Paralelismo sintáctico:

Nesta cantiga atopamos varios exemplos de paralelismos sintácticos, é dicir, a repetición da estrutura sintáctica entre varios versos:

1) Entre os tres primeiros da 1ª e da 2ª estrofa:

Bailemos nós ja todas tres, ai amigas, — Bailemos nós ja todas, ai irmanas,

baixo aquestas avelaneiras frolicas, — baixo aqueste ramo destas avelanas,

e quen for velida como nós, velidas, — e quen for louçana como nós, louçanas,

2) Entre:

baixo aquestas avelaneiras frolicas

baixo aqueste ramo destas avelanas